

MADZEMATICZI!

> **Obxectivo:** Procura que a suma das cartas na túa fila sexa igual ao número obxectivo.

A fila de cada xogador ten 6 espazos. Pódense xogar cartas en calquera das dúas filas.

> **Final do xogo:** O xogo remata cando un xogador consegue o número obxectivo ou cando se esgota o mazo e non se poden xogar máis cartas.

> **Preparación:**

1. Cada xogador rouba 5 cartas.
2. Coloca unha carta **inicial** cara abaixo nun extremo das filas.
Esta carta sumarase ás filas de ambos xogadores.

3. Cada xogador xoga a súa primeira carta no outro extremo das filas. O número máis alto (ignorando o signo) xoga primeiro. Estas cartas súmanse ao número **25**, creando o número obxectivo para a partida.

4. Revela a carta inicial. Se é unha carta especial, os signos das primeiras cartas cambian.

5. Os xogadores collen cartas en orde ata que todos teñan un máximo de 5.

> **Desenvolvemento do xogo:**

Cada xogador pode facer unha acción por quenda:

1. **Xogar unha carta** nun espazo libre de calquer fila ou xogar unha carta especial.

2. **Reorganizar a túa fila:** coloca as cartas dentro da túa propia fila.

3. Roubar unha carta do mazo. Os xogadores terán un máximo de 5 cartas durante a partida.

4. Descartar cartas:






- Descarta 3 cartas da túa man para roubar 1 carta da man do oponente ou 2 cartas do mazo.

- Descarta 3 cartas da túa man para eliminar unha carta xogada nun dos teus espazos (incluso unha carta especial de “bloqueo”).

- Descarta cartas dos teus espazos: xoga unha carta enriba de outra que xa este nun espazo. Combina estas cartas con tantas outras como sexa necesario para conseguir unha suma de 0. Descarta todas as cartas involucradas.

• **Penalización:** Se rematas unha quenda sen cartas na man, perdes a túa próxima quenda.

> **Cartas especiais:**

- : Bloquea un espazo. Pode eliminarse descartando 2 cartas “+” da túa fila ou 3 cartas da túa man. Non se ve afectada por ningunha carta especial nin reorganización.
- : Permite mover unha carta dunha fila a outra.
- : Descarta unha soa carta de calquera fila.
- : Permite coller unha carta de calquera fila e engadila á túa man.
- : Permite intercambiar a carta dun espazo nunha fila coa carta no espazo oposto da outra fila.

> **Modo MADZTICAL MADZEMATICZ!:**

Cada xogador comeza cunha carta especial de cada tipo. Estas cartas non forman parte da man do xogador e poden gastarse como acción.